

EDITORIAL GALAXIA S.A.

Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, que se celebrará en Vigo, na sede social sita na Avda de Madrid 44 – baixo, o día 18 de xuño de 2021 ás cinco da tarde, en primeira convocatoria, ou, no seu caso, o día 19 á mesma hora, en segunda. Convocatoria que se celebrará vía telemática de acordo co establecido no Real Decreto Ley 8/ 2020, de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e demais decretos de prórroga, nos que se recoñece a máxima marxe de flexibilidade aos consellos de administración “para adaptaren medidas e solucións que contribúan a preservar a saúde das persoas e a evitar a propagación do virus, aínda que non estean expresamente contemplados nos estatutos”. O Consello Administración, de conformidade coas normas citadas, acordou autorizar a celebración da Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, para tratar a seguinte:

ORDE DO DÍA:

- 1.- Exame e aprobación, no seu caso, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2020.
- 2.- Nomeamento de Conselleiros.
- 3.- Propostas e preguntas.
- 4.- Aprobación da acta ou designación de interventores ao efecto.

Dentro dos trinta días anteriores á celebración da Xunta, os accionistas poderán examinar no domicilio social os documentos que serán sometidos á aprobación da mesma e obter de maneira inmediata e gratuíta unha copia deles. Asemade poderán demandar o envío de dita copia.

No que respecta á asistencia en modo telemático, acharán máis información no espazo dedicado á Xunta Xeral de Accionistas 2021 no sitio da web da Sociedade (www.editorialgalaxia.gal)

A asistencia telemática á Xunta Xeral suxeitarase ao previsto na Lei e ás seguintes regras básicas, que serán complementadas e desenvolvidas polas que se publiquen no antedito sitio da Sociedade na web (www.editorialgalaxia.gal):

1º.- Identificación e rexistro previo: Para garantir a identidade dos asistentes, o correcto exercicio dos seus dereitos, a interactividade e o adecuado desenvolvemento da xuntanza, os accionistas que desexen utilizar os mecanismos de asistencia telemática deberán rexistrarse mediante o envío dun correo electrónico á seguinte dirección: secretaríaconsello@editorialgalaxia.gal dende as doce horas do día 18 de maio ata as once horas do día 16 de xuño de 2021. Con posteridade a dita hora non se admitirá ningún rexistro previo para o exercicio do dereito de asistencia telemática. Na Secretaría Xeral radicarán as competencias para recoñecer o pre-rexistro de accionistas, mesmo como a interpretación desta convocatoria.

O indicado rexistro previo levarase a cabo mediante algún dos seguintes medios:

(I) DNI electrónico ou

(II) sinatura electrónica recoñecida ou avanzada, baseada nun certificado electrónico recoñecido e vixente, emitido pola Entidade Pública de Certificación Española (CERES), dependente da Fábrica Nacional de Moneda y Timbre.

(III) Medios adicionais de identificación habilitados pola Sociedade que garantan debidamente a identidade do accionista.

No caso de representantes, as regras aplicables desenvolveranse no sitio da Sociedade na web.

Logo de que o accionista –ou, no seu caso, o seu representante– estea pre-rexistrado de acordo cos medios indicados e no prazo establecido, poderá asistir e votar na Xunta Xeral a través de medios telemáticos, realizando a correspondente conexión na data e hora de celebración da xuntanza.

2º.- Conexión e asistencia: Coa finalidade de permitir a adecuada xestión dos sistemas de asistencia telemática, o accionista (ou representante) que se rexistrar previamente para asistir telematicamente á Xunta Xeral conforme ao apartado 1º anterior, deberá conectarse á plataforma de videoconferencia indicada na ligazón correspondente na páxina web corporativa da Sociedade (<http://editorialgalaxia.gal/accionariado/>) entre as quince trinta horas e as dezaseis corenta e cinco do día 18 de xuño de 2021.

3º.- Votacións: A emisión do voto sobre as propostas relativas a puntos comprendidos na orde do día poderase realizar durante a conexión, no momento en que foren sometidos a votación polo Presidente.

4º.- Outras cuestións: é responsabilidade exclusiva do accionista (ou do seu representante) a custodia das claves ou medios de identificación necesarios para acceder e utilizar o servizo de asistencia telemática, así como a dilixencia no uso das mesmas.

A sociedade resérvase o dereito de modificar, suspender, cancelar ou restrinxir os mecanismos de asistencia telemática á xunta cando razóns técnicas ou de seguridade o requiriren ou impuxeren. Galaxia non será responsable dos prexuízos que puideren ocasionarse ao accionista derivados de avarías, sobrecargas, interrupcións de circuíto, fallos na conexión ou calquera outra eventualidade de igual ou similar índole, alleas á vontade de Galaxia, que impediren a utilización dos mecanismos de asistencia telemática á xunta.

Todas estas medidas son compatibles co cumprimento das obrigas societarias e garanten plenamente os dereitos políticos dos accionistas.

Vigo, 10 de maio de 2021



Antón Vidal Andión
Presidente do Consello de Administración